

sonte o disposto nos parágrafos anteriores serán en todo caso complementarias das publicadas en virtude da Resolución do 1 de abril de 2009 (DOG nº 69, do 13 de abril).

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2009.

José M^a Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

Resolución do 8 de setembro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as listas provisionais de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de arquitectos, en virtude do prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009.

En virtude da Orde do 21 de novembro de 2008 (DOG nº 234, do 2 de decembro) convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de arquitectos.

A dita orde foi posteriormente modificada pola Orde do 13 de xullo de 2009 (DOG nº 137, do 15 de xullo), o que determinou a apertura dun prazo extraordinario para a presentación de solicitudes.

Unha vez rematado o prazo sinalado na orde referida, e de conformidade co establecido no artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e na base I.4 das que rexen o proceso selectivo, esta dirección xeral

RESOLVE:

Aprobar as listas provisionais de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as que presentaron as súas solicitudes no prazo extraordinario para participar no proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de arquitectos.

A lista de aspirantes admitidos/as poderá consultarse a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia (www.xunta.es) e estará exposta nos taboleiros de anuncios da Consellería de Facenda, nos dos seus departamentos territoriais, no Servizo de Información Administrativa e Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela, no Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia.

A lista de aspirantes excluídos, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo a esta resolución.

Os/as novos/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para emendar o defecto que motivou a exclusión.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos motivo de exclusión serán definitivamente excluídos.

Así mesmo, os/as aspirantes que non figuren na listaxe de admitidos nin na de excluídos disporán do mesmo prazo para reclamar.

As listas definitivas que se publiquen tras a presentación e o exame das emendas presentadas consonte o disposto nos parágrafos anteriores serán en todo caso complementarias das publicadas en virtude da Resolución do 1 de abril de 2009 (DOG nº 69, do 13 de abril).

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2009

José M^a Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

ANEXO

Acceso libre.

Apelidos e nome	NIF	Quenda	Motivo da exclusión
Carballo Pérez, Francisco Javier	34970156-J	Libre	14,21

Tipo motivo	Código	Descrición
Xeral	14	Documento xustificativo exención taxas non válido
Xeral	21	Importe taxas ingresadas inferior ao estipulado

Resolución do 8 de setembro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as listas provisionais de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, escala técnica de auxiliar de informática, en virtude do prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009.

En virtude da Orde do 21 de novembro de 2008 (DOG nº 234, do 2 de decembro) convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1, escala técnica de auxiliar de informática.

A dita orde foi posteriormente modificada pola Orde do 13 de xullo de 2009 (DOG nº 137, do 15 de xullo), o que determinou a apertura dun prazo extraordinario para a presentación de solicitudes.

Unha vez rematado o prazo sinalado na orde referida, e de conformidade co establecido no artigo 12